



CONVENIO INTRADMINISTRATIVO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA O REPARTO DE GASTOS POLO USO COMPARTIDO DAS INSTALACIÓNS DO EDIFICIO PRADO LONIA EN OURENSE

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2017

REUNIDOS

Por unha banda, a directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga). O Issga é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria en virtude do artigo 5.2.b) do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e o artigo 6.2) da Lei 14/2007, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde, lle outorga á persoa que ocupe a dirección do Instituto a función de subscribir os convenios e acordos que corresponda.

E, por outra banda, en calidade de secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural, nomeada mediante Decreto 141/2015, do 08.10.2015 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 194, do 9 de outubro de 2015), actuando neste acto en representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015, da mesma Consellería, publicada no DOG núm. 223, do 23 de novembro de 2015, e de conformidade co Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Teñen, segundo conveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente acordo de colaboración e,

EXPOÑEN

Primeiro: O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e a Consellería do Medio Rural teñen adscrito un edificio situado na rúa Villamil e Castro s/n, en Prado Lonia (Ourense).

Segundo: Mediante a Orde de 2 de marzo de 2015 da Consellería de Facenda adscribísenos os espazos no edificio administrativo da rúa Villaamil e Castro de Ourense, coñecido como edificio Prado Lonia, e con esa mesma data asínase a acta de entrega dos espazos como consecuencia da dita adscrición nos seguintes termos:

- Planta baixa, ocupada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, cunha superficie de 770 metros cadrados e unha porcentaxe de ocupación do 49,77%.
- Primeira planta, ocupada polos servizos provinciais de Montes e de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Consellería do Medio Rural e do Mar, cunha superficie de 777 metros cadrados e unha porcentaxe de ocupación do 50,23%.

En virtude do exposto ambas partes acordan asinar un convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto



Este acordo ten por obxecto regular o reparto de gastos polo uso compartido do edificio do Issga en Ourense, con enderezo na rúa Villamil e Castro s/n, en Prado Lonia (Ourense).

Segunda. Gastos de enerxía eléctrica e auga

Os gastos comúns a compartir son o consumo de auga e de enerxía eléctrica que se determinan en función das porcentaxes de ocupación.

O Issga asumirá o pagamento da totalidade das facturas correspondentes por ser o titular dos contratos. A Consellería de Medio Rural realizará, unha vez asinado este convenio e, nos anos sucesivos no primeiro semestre do ano en curso, unha retención de crédito en contía igual aos gastos reais do ano anterior.

Para o ano 2017 o importe da retención de crédito que realizará a Consellería do Medio Rural será de 9.021,99:

- Pola facturación do consumo de auga, 429,52 euros

Pola facturación do consumo de enerxía eléctrica, no marco da contratación centralizada (REDEXGA), 8.592,47.

Nos anos 2018 e seguintes, se a achega realizada no ano inmediatamente anterior fose superior ou inferior ao gasto real, realizaranse os correspondentes axustes positivos ou negativos nas ampliacións de crédito sucesivas.

Os conceptos nos que a Consellería do Medio Rural efectuará a retención de crédito son: 221.00 para os gastos de enerxía eléctrica e 221.01 os gastos de auga.

Unha vez realizada a retención de crédito pola Consellería do Medio Rural procederase a ampliar o crédito na aplicación de capítulo IV do Presuposto de gastos de 2017 (e do ano que corresponda nos anos sucesivos) da Secretaría Xeral de Emprego, que financia ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e no propio organismo, de acordo co previsto no artigo 64.1.g) do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Terceira. Gastos de combustible de calefacción

Polo que respecta ao combustible de calefacción, a Consellería do Medio Rural e o centro Issga de Ourense, dado que o edificio dispón dun depósito común e co obxecto de que a empresa que realice a subministración emita facturacións e albaráns distintos, un para cada pagador, deberán realizar 2 pedidos en días consecutivos, indicando os litros e a porcentaxe que corresponden facturar a cada centro pagador.

Cuarta. Outros gastos de mantemento ordinario

Os gastos que ocasionen o mantemento e as revisións regulamentarias ou outras dos elementos comúns do edificio e colindantes serán aboados tamén segundo as porcentaxes indicadas, solicitándose aos provedores a emisión de dúas facturas, unha para o Issga e outra para a Consellería do Medio Rural.

Quinta. Comisión de seguimento

Para o seguimento das actuacións previstas no presente Convenio créase unha Comisión de Seguimento, que terá carácter paritario, coa seguinte composición, funcións e réxime de funcionamento:



1. Composición:

A Comisión estará formada por dous representantes do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e dous representantes da Consellería do Medio Rural.

2. Funcións:

As funcións da Comisión de Seguimento serán as seguintes:

- O seguimento das actuacións obxecto do presente convenio.
- A proposta e a adopción de medidas e actuacións complementarias que se xulguen de interese.
- O estudo e a proposta, no seu caso, das posibles revisións dos compromisos asumidos.
- A interpretación do texto do convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan formularse respecto do convenio.

3. Funcionamento:

A Comisión de Seguimento reunirse a lo menos unha vez ao ano e/ou a petición de algunha das partes.

Sexta. Modificación

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime do Issga e da Consellería do Medio Rural.

Sétima. Causas de resolución

Serán causas de resolución, o transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a prórroga do convenio, o mutuo acordo ou o incumprimento das obrigas das partes.

Oitava. Vixencia

Este acordo terá efectos desde o día 1 de xaneiro de 2017 e terá unha vixencia ata o 31 de decembro do ano 2020, agás que sexa denunciado por escrito por calquera das partes asinantes.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, o Issga e a Consellería do Medio Rural poderán acordar unanimemente a prórroga do convenio por un período de catro anos máis.

E, en proba de conformidade, asínase o presente acordo de colaboración, en duplicado exemplar, no lugar e na data indicados anteriormente.

Polo Instituto Galego de Seguridade
e Saúde Laboral

Pola Consellería do Medio Rural

A directora

A secretaria xeral técnica